



# PLAN DIXITAL

## CPR Plurilingüe Nuestra Señora Inmaculada

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

# 1.

## 1.1. Datos básicos do centro

- **Código de centro:** 15015241
- **Nome do centro:** CPR Plurilingüe Nuestra Señora Inmaculada.
- **Dirección:** Avenida de Santiago, 15, CP. 15840, Santa Comba (A Coruña)
- **Correo:** cpr.nuestrasenora.inmaculada@edu.xunta.gal
- **Páxina web:** [www.inmaculadasantacomba.com](http://www.inmaculadasantacomba.com).
- **Etapas educativas:** Educación Infantil e Educación Primaria:

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

[Recomendacións para este apartado] Indicar brevemente:

- *Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro (as podemos extraer do Proxecto Educativo).*

O colexio Ntra. Sra. Inmaculada iniciou a súa actividade o 5 de novembro de 1.958 na localidade de Santa Comba (A Coruña), baixo a dirección de D. José Quintela Busto. Ata 1.970 estivo ubicado na Avda. Alfonso Molina, trasladándose nesa data a r/ Santiago nº 4 e posteriormente ao nº 15 da mesma. Coa orde do 26 de xaneiro de 1.998 (D.O.G. 16 de febreiro) autorízase definitivamente o centro, sendo a súa composición actual a seguinte:

- Educación Infantil 2 unidades concertadas.
- Educación Primaria 5 unidades concertadas.
- Unha unidade mixta en 5º e 6º de Ed. Primaria.

A localidade posúe unha poboación maioritariamente rural, sendo tamén importante a porcentaxe de poboación que tivo que emigrar e a que ocupa o sector servizos.

No que se refire á incardinación e contribución deste documento ao proxecto educativo, pasa a ser un referente que pretende axudar a levar a cabo, os obxectivos que xa se viñan formulando en cursos anteriores no plan de introdución das TIC. Algún destes obxectivos son:

- Potenciar o emprego da informática como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe, utilizándoa de forma activa por parte dos alumnos/as.
- Fomentar o uso dos medios informáticos, facilitando o acceso a esta ferramenta por parte dos alumnos/as como medio de apoio e reforzo nas súas aprendizaxes.
- Favorecer a súa utilización por parte do profesorado nas súas tarefas habituais do Centro: programacións, memorias, plans, circulares, normativas, actividades, etc.
- Impulsar a comunicación con outros centros e con outras localidades, co fin de coñecer e transmitir valores sociais e de respecto a outras formas de vida e costumes.
- Facilitar a busca de información e o tratamento crítico desta, como forma de coñecer o mundo de Internet e as súas posibilidades de acceso á información útil
- Utilizar o ordenador e as PDI como medios de investigación para ampliar coñecementos e elaborar pequenos proxectos a nivel individual e/ou colectivo.

- Utilizar o ordenador e as PDI como medio de creación, de integración, de cooperación, de potenciación de valores sociais e de expresión das ideas de cada un.
- Utilizar as TIC como medio de perfeccionar a actividade docente a través da súa utilización, de aproveitar a información que delas poida sacar, e para mellorar a formulación pedagóxica a través da súa utilización
- Saber consultar información a través do ordenador, tanto de temas profesionais: concursos, cursos de formación, convocatorias...como de temas interesantes para a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades, e/ou participar en debates,... a través de Internet.

O Plan Dixital vén a contribuír á inmersión do centro nas novas tecnoloxías como ferramentas fundamentais do proceso de ensino-aprendizaxe. O centro está participando actualmente na Plataforma Snappet, grazas á que o alumnado traballa con tablets no centro e coa que poden reforzar os contidos aprendidos no centro.

Por último a PXA verase enriquecida por este documento incorporando á mesma a pretensión dun maior aproveitamento de todos os recursos tecnolóxicos da nosa comunidade. Pasará a ser parte do eixo vertebrador que fundamente o uso de infraestruturas tecnolóxicas, formacións do alumnado, profesorado e familias, cun aproveitamento máis reflexivo, estudo e estruturado de todos eles.

Dentro do Plan Dixital contémpanse varias actuacións que permitirán ampliar e reforzar as estratexias dixitais do noso centro. Ao mesmo tempo, ao contar con ferramentas de avaliación específicas para cada unha destas medidas e sistemas cuantificables de rendemento, será fácil levar a cabo a avaliación do plan e analizar o seu éxito, puntos de mellora e mesmo obxectivos para continuar coa súa integración e optimización nos sucesivos cursos escolares. Intentarase sempre ampliar o seu impacto nas máximas áreas posibles do quefacer diario do centro, procurando o emprego das TIC como ferramenta que axude, axilice e mellore todos os procesos nos que interveñan.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa que regula todo este procedemento queda recollida nos seguintes documentos:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

## 1.4. Proceso de elaboración

A elaboración do PD levouse a cabo por parte do Equipo de Dinamización do Plan Dixital, constituído pola Directora do Centro e outra mestra, sendo esta última a coordinadora do mesmo. A coordinadora mantivo catro reunións presenciais co coordinador Adix do centro e co seu asesoramento completáronse todas as etapas previas para a redacción do plan.

No primeiro trimestre realizouse a avaliación inicial a través da ferramenta SELFIE para coñecer o estado do noso centro en canto dixitalización.

No comezo do segundo trimestre implementouse o Test CDD para coñecer a competencia dixital dos mestres e mestras do centro.

Coa información destas dúas ferramentas procedeuse a realización do DAFO do noso centro facendo unha análise de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades.

No terceiro trimestre elaboráronse as táboas do plan de acción e por último procedeuse a redacción do Plan Dixital.

Cabe sinalar que o seguimento por parte do mentor da nosa zona, establecía a entrega de diversas tarefas ao longo do curso. Posteriormente ditas tarefas terían concreción neste documento e axudaron a ter unha temporalización organizada na súa elaboración.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

No que se refire a **infraestrutura dixital**, o centro conta con conexión a internet mediante rede wifi. Non contamos con liñas de voz fixa. O teléfono móbil de dirección é a principal liña de contacto.

No tocante a **equipamentos dispoñibles**:

**En canto ao equipamento dispoñible:**

- **Aulas dixitalizadas:** con conectividade e posibilidade de visualización e interacción: contamos con PDI en cinco aulas (dúas en Educación Infantil e tres en E. Primaria). Existen tamén dúas Smart TV, unha localizada nunha das aulas de Infantil e outra nunha sala de usos múltiples, á disposición de calquera das clases do centro.
- **Postos de traballo de xestión e administración: 5 ordenadores portátiles, dous adicados exclusivamente a dirección e secretaría.** Está dotado tamén de dúas impresora multifunción de inxección de tinta a cor.
- **Equipos para uso na sala de profesorado:** dous equipos de sobremesa para o uso na sala de profesorado. Cabe sinalar que un deles é máis antigo., tamén conta con tres ordenadores portátiles.
- **Aula(s) de informática:** está dotada de 16 equipos de sobremesa. Sendo un dos obxectivos dos nosos plan de acción a súa revisión.
- **Biblioteca do Centro :** Dous ordenadores de sobremesa.
- **Proxectos específicos alleos á Consellería:** o centro conta con 71 tablets para que o alumnado de toda primaria traballe mediante a Plataforma Snappet.

No relativo aos **servizos dixitais educativos**, contamos coa páxina web do centro e o blog escolar. Utilizamos a plataforma de formación Snappet. O profesorado é usuario de plataformas como Canva, Genially.

O mantemento e equipamento do centro é xestionado polo Equipo Directivo. O centro conta cos servizos dun informático cando xurde algún problema técnico.

A continuación deixamos enlaces aos protocolos do centro que teñen relación coas TIC.

- Plan TIC: dispoñible na páxina 25 da nosa PXA no seguinte enlace
- Plan de Continxencia: dispoñible no seguinte enlace.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

**Autoavaliación SELFIE:** inclúese a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

### 1.1.

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	4.8
	Profesorado	4.4
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4.8
	Profesorado	4.2
	Alumnado	4.5
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.6
	Profesorado	3.4
	Alumnado	4.4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.7
	Profesorado	4.7
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.8
	Profesorado	3.7
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	5
	Profesorado	4.5
	Alumnado	4.3
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	5
	Profesorado	4.6
	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.7
	Profesorado	3.6
	Alumnado	4.1

**1.2. Test CDD:** Ademais do recollido na táboa 1.3. do Test CDD en relación co perfil do profesorado participante, achegamos tamén a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal:

#### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
L01- Laboral	9	10	90%
L02- Autónomos seculares	1	1	100%

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
126.30%	Experto/a (B2)	76.4	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	125.2	Experto/a (B2)	68.2	Integrador/a (B1)
Pri.	126.3	Experto/a (B2)	77	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	-	-
A2	-	-
B1	1	10%
B2	5	50%
C1	4	40%
C2	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>10</b>	<b>100%</b>

Ademais de toda a información obtida coas dúas ferramentas citadas para a elaboración do DAFO, contamos tamén co asesoramento da persoa mentora de centro e dos membros do EDPD.

Cabe sinalar que os datos do SELFIE ás veces son sesgados e requiriron de interpretación, das persoas antes mencionadas, para facer unha interpretación da situación real do centro.

## 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>C1. ED (5) e prof (4'8) consideran que a infraestrutura dixital propia do centro é favorable á aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>C2. ED (5) e prof (4,8) consideran que existen dispositivos dixitais para o seu uso na docencia (igual se puede poner como amenaza para buscar financiación para comprar dispositivos)</p> <p>C8. ED (5), prof (4,6) e alumnado (5) corroboran que existen dispositivos dixitais no centro para o uso do alumnado.</p> <p>C11. ED (5) e prof (4,5) afirman que existen medidas no centro para identificar as dificultades que xurden co aprendizaxe mixto.</p> <p>C14. Tanto ED (5) como prof (4,6) afirman que os espazos físicos facilitan a aprendizaxe e o ensino con tecnoloxías.</p>	<p>C10. Tanto ED (1) como prof (1,3) afirman que non existen dispositivos na escola que o alumnado poida levar para casa.</p> <p>C. 13. ED (1) e prof (1,1) corroboran que o alumnado non trae os dispositivos propios para empregarlos na clase.</p> <p>C.15. ED (2) e prof (1,9) consideran que o ACNEE non ten un correcto acceso ás tecnoloxías de apoio</p> <p>C16. ED (1) e prof (1,3) concordan en que non existen repositorios/bibliotecas en liña no centro.</p>

<p><b>PERSONAL DOCENTE</b></p>	<p>B2. Os nosos profesores utilizan as tecnoloxías dixitais para adaptar o seu método de ensino ás necesidades individuais do alumnado. EDI(5), prof (4,6), alumnado (4,9)  D1. ED (4) e prof (4,8) afirman que o ED reflexiona co profesorado sobre as súas necesidades de formación en relación ao ensino con tecnoloxías dixitais.  D2. ED (5) e prof (4,8) afirman que o profesorado ten posibilidades de FPC en materia de ensino e tecnoloxías dixitais.  D3. Tanto ED (5) como prof (4,6) corroboran que o ED axuda ao profesorado a intercambiar experiencias en relación ás tecnoloxías e o ensino.  E1. ED e prof (5, 5) afirman que o profesorado busca recursos dixitais educativos en liña.  E4. ED e prof (4 e 4,1) afirman que se empregan tecnoloxías dixitais na comunicación coas familias.  E5. ED e prof (5 e 4,6) afirman que o profesorado emprega recursos educativos abertos.  F1. ED, prof e alumnado (5, 4,6 e 4,9) afirman que o prof. utiliza as TIC para adaptar a súa ensinanza ás necesidades do alumnado.  F3. Tanto ED(5) como prof (4,3) consideran que o prof. utiliza as TIC para fomentar a creatividade do alumnado.  F4. ED (5), prof (4,4) e alumnado (4,6) afirman que se levan a cabo actividades dixitais motivantes para o alumnado.  F.5. ED (5), prof (4,4) e alumnado (3,3) consideran que se emprega a tecnoloxía para facilitar a colaboración entre o alumnado.  F6. ED (5) e prof (4,4) afirman que se fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares usando TIC.  G1. ED e prof (5 e 4,8) afirman que as TIC se empregan na avaliación das competencias do alumnado.  G3. ED e prof (5 e 4,8) afirman que se empregan as TIC para dar unha retroalimentación axeitada ao alumnado.  G5. Tanto ED (5) como prof (4,8) consideran que se empregan as TIC para facer reflexionar ao alumnado sobre a súa aprendizaxe.  G6. ED (5) e prof (4,4) empregan as TIC para que o alumnado poida comentar o traballo dos compañeiros.</p>	<p>E2. ED (1) e prof (2,8) afirman que o profesorado non crea recursos dixitais para reforzar o ensino.  E3. ED e prof (4 e 1,9) consideran que non se están a utilizar entornos de aprendizaxe dixitais co alumnado.</p>
<p><b>PERSONAL NON DOCENTE</b></p>		
<p><b>ALUMNADO</b></p>	<p>O alumnado participa na autoavaliación e coavaliación empregando ferramentas dixitais.  H1. ED (4), prof. (3,9) e alumnado (4,4) consideran que o alumnado aprende a actuar con seguridade en internet.  H3. ED (4), prof (4,1) e alumnado (4,7) consideran que o alumnado aprende a actuar de maneira responsable en internet.  H4. ED (4), prof (4,1) e alumnado (4) afirman que o alumnado do centro aprende a valorar se a información de internet é fiable.  H10. ED (5), prof (4,8) e alumnado (4,9) afirman que o ED garante que o alumnado aprenda habilidades dixitais nas diferentes materias.</p>	<p>H6. ED (3) e prof (3,1) opinan que o alumnado debe aprender a empregar responsablemente o traballo doutras persoas en internet.  H7. ED (1) e prof (1,6) opinan que o alumnado non aprende a crear contidos dixitais.  H8. ED (4) e prof (3,3) consideran que o alumnado non aprende suficientes estratexias para comunicarse mediante a tecnoloxía.  H11. ED (4), prof (4) e alumnado (2,4) afirman que o alumnado non aprende a programar/codificar no centro.  H13. ED (4) e prof (3,6) opinan que o alumnado non é quen de resolver os problemas técnicos que xorden nas TIC.</p>
<p><b>FAMILIAS</b></p>	<p>PEC3. As familias poden consultar as novidades e información relevante ao centro na web ou no blog.</p>	<p>Algúns alumnos/as teñen un acceso limitado a dispositivos dixitais e a internet nos seus fogares.</p>
<p><b>OFERTA</b></p>		
<p><b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b></p>	<p>A2. O ED (5) e o prof (4,6) consideran que se ten en conta a opinión deste último para desenvolver a estartexia dixital  Tanto A3 (5) (4,6) como A4 (5)(4,3) favorecen apoio ao profesorado para explorar uso de ensinanzas con tecnoloxías e ademais dispomos de tempo para ameza.  B1 tanto ED (5) como prof (4,6) evalúan progresos de ensino aprendizaxe con tecnoloxías  C12 tanto ED (5) como Prof(4,5) afirman que teñen un plan de axuda de aprendizaxe mixto acorde en relación ás necesidades do alumnado  C14. Tanto EDI (5), como prof(4,6) afirman que no noso centro, os espazos físicos facilitan o ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais  G8. ED (5) e prof (4,4) afirman que o prof. facilita ao alumnado o uso das TIC para documentar a aprendizaxe.</p>	<p>A1. O ED (4) e o prof (3,6) consideran que non existe unha estratexia dixital sólida  C.16 tanto EDI (1) como prof(1,3) indican que non existe biblioteca ou repositorios en liña.  E2. tanto EDI (1) coma prof (2,8) consideran que non se crean os suficientes recursos dixitais.  C5. tanto EDI(4) como prof(3,9) consideran que non hai asistencia técnica suficiente dispoñible.</p>



EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>A infraestrutura dixital do centro é favorable e o mesmo está aberto a recibir apoio por parte da Admón. Ed. en materia de tecnoloxías.</p> <p>O centro conta con espazos físicos que facilitan a aprendizaxe e ensino coas tecnoloxías e co apoio da Admón. Ed.</p> <p>A Admón. Educativa aposta pola modernización e dixitalización dos centros.</p> <p>A administración educativa aposta polo Plan Dixital.</p>	<p>C3. Malia que o ED (5), prof (4,8) e alumnado (4,9) afirman que existe acceso a internet no centro, tamén recalcan que a conexión é pouco fiable e que debe mellorarse.</p> <p>O deseño das ferramentas corporativas da Admón. é pouco intuitivo e funcional.</p>
	LEXISLACIÓN		<p>A5. A pesar da opinión do ED (5) e prof (4,9) non existe un coñecemento suficientemente profundo sobre. O uso das licencias e dereitos de autor</p> <p>C7. O EDI (3) e prof (3,3) sinalan que non existen sistemas de protección de datos.</p> <p>A excesiva burocracia afecta ás iniciativas innovadoras por parte dos centros.</p>
	CONTORNA	As familias reciben de bo grao as iniciativas en materia dixital.	Algúns alumnos/as teñen un acceso limitado a dispositivos dixitais.
	ANPA	Amosa unha actitude colaborativa co centro, o que se pode aproveitar para a realización de cursos en materia dixital.	
	OUTRAS ENTIDADES	Existen numerosas entidades coas que se pode colaborar.	<p>B3. (5)(4,4) Non se utilizan tecnoloxías para colaborar con outras organizacións.</p> <p>B4. (4) (3,4) Non está a colaborar con entidades externas para apoiar o uso das TIC</p> <p>Non existen colaboración ou proxectos externos</p>

### 3. Plan de Acción

A continuación, pasamos a enumerar os obxectivos, indicadores e accións que, tras ter analizado toda a información, se consideran prioritarias para o noso centro.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para a concreción de obxectivos, indicadores e accións analizouse o DAFO en profundidade tendo coidado de escoller aqueles ítems que, segundo a ideosincrasia do noso centro, se consideraron como prioritarias. As táboas seguintes recollen esta información:

<b>“Área/s de mellora”: Infraestrutura e equipamentos (C)</b>							
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Mellorar a calidade da rede do centro educativo. (C3*)				<b>Acadado</b>		
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo.				<b>Non acadado</b>		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de orzamentos de empresas de redes e informática obtidos.						
<b>Valor de partida</b>	0 orzamentos de empresas de redes e informática obtidos						
<b>Valor previsto e data</b>	4 orzamentos de empresas de redes e informática obtidos			Finais do primeiro trimestres do curso 22-23			
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO1.1: Apartado da orde do día do claustro inicial recollendo a intención de mellora da calidade de rede e solicitude de persoa voluntaria para coordinador o procedemento.	Equipo directivo	Claustro inicial do curso 22-23	Convocatoria. Correos do claustro. Breve explicación da intencionalidade desta accións. Acta na que se inclúa o nome e apelidos da persoa responsable escollida para coordinar a tarefa.			<b>Realizada</b>	
						<b>Aprazada</b>	
						<b>Pendente</b>	

<b>AO1.2: Solicitud de presupostos a empresas de rede e internet para estudo da calidade no centro.</b>	Persoa coordinadora.	Segunda semana do mes de outubro do curso 22-23	Explicación breve e clara para trasladar ás empresas ás necesidades do centro: empresa que dá internet, plantas do centro, puntos acceso actuais, distancia entre puntos de acceso... Teléfonos de empresa de rede e internet. Concretas posibles datas de execución con todas as empresas. Creación dun cartafol nun ordenador da sala de profesorado para ir recollendo toda a información sobre o proceso.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
<b>AO1.3: Traslado dos presupostos ao equipo directivo para selección da empresa final .</b>	Persoa coordinadora.	Finais de novembro curso 22-23	Equipo directivo Orzamentos das distintas empresas. Acta ou documento que recolla a empresa seleccionada e traslado e difusión ao claustro. Establecemento de datas de execución.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

(\*C3 Acceso a internet)

**“Área/s de mellora”: Infraestrutura e equipos (C)**

<b>OBXECTIVO 2:</b>	Revisar os dispositivos dixitais da aula de Informática (C8*)			<b>Acadado</b>		
<b>RESPONSABLE:</b>	Persoa coordinadora das TIC			<b>Non acadado</b>		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de equipos revisados da sala de informática					
<b>Valor de partida</b>	0% equipos revisados en canto a software.					
<b>Valor previsto e data</b>	100% equipos revisados en canto a software.					
<b>ACCÍONS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLE	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO2.1: Revisar e determinar o estado dos equipos da aula de informática.</b>	Persoa coordinadora das TIC	31/10/2022	Persoa coordinadora das TIC Equipos da aula de informática.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO2.2: Solicitar a actualización de software dos equipos máis obsoletos.</b>	Persoa coordinadora das TIC Equipo Directivo.	15/12/2022	Persoa coordinadora TIC Equipo directivo		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO2.3: Actualización dos equipos</b>	Persoa coordinadora TIC Técnico Informático.	20/6/2023	Persoa coordinadora das TIC Equipos da aula de informática.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

(\*C8 Dispositivos dixitais para a aprendizaxe)

**“Área/s de mellora”: Desenvolvemento profesional continuo (D)**

<b>OBXECTIVO 3:</b>	Participación en experiencias de desenvolvemento profesional continuo (D2*)			<b>Acadado</b>		
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo			<b>Non acadado</b>		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Participación en cursos de formación sobre as TIC (Instrumento de medición: Memoria anual)					
<b>Valor de partida</b>	0 cursos sobre TIC nos que se participou					
<b>Valor previsto e data</b>	2 cursos sobre TIC nos que se participou.					
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO3.1: Seleccionar e organizar cursos presenciais e online nos que pode participar o profesorado.</b>	Equipo Directivo	30/09/2022	Páxinas web (CECE e FProfe) Equipo Directivo		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO3.2: Realización/asistencia aos cursos</b>	Equipo Directivo Profesorado	30/5/2022	Profesorado Recursos web Aula do centro		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

(\*D2 Participación no DPC)

“Área/s de mellora”: Infraestrutura e equipamentos (C)							
<b>OBXECTIVO 4:</b>	Actualizar os espazos de visibilidade e soporte para o centro en concreto a web (PEC 3*)					<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo					<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de entradas subidas á web do centro.						
<b>Valor de partida</b>	0 entradas subidas á web do centro.						
<b>Valor previsto e data</b>	9 entradas subidas á web do centro.				22 de xuño curso 22/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
<b>AO4.1: Reunión co claustro para decidir a persoa/s encargada/s da web do centro.</b>	Equipo directivo	Claustro inicial do curso 22-23	Convocatoria do claustro  Orde do día que recolla os aspectos a te en conta nesta cuestión: -Elección da persoa encargada da web. -Periodicidade da subida dos contidos. -Elaboración de cronograma formativo.			<b>Realizada</b>	
						<b>Aprazada</b>	
						<b>Pendente</b>	
<b>AO4.2: Petición á empresa encargada da web do centro educativo que subsane os problemas actuais.</b>	Equipo directivo	Primeira semana outubro do curso 22-23	Correo corporativo.  Documento que recolla as necesidades de mellora/actualización da web do noso centro.			<b>Realizada</b>	
						<b>Aprazada</b>	
						<b>Pendente</b>	
<b>AO4.3: Asesoramento</b>		Segunda semana	Contas de usuario de web.			<b>Realizada</b>	

<b>para a subida de entradas á web e contidos á aula virtual</b>	Persoa encargada da web e/ou con coñecementos da subida de contidos á web	outubro do curso 22-23	Cronograma de sesións para obradoiros de subida á web.  Equipos informáticos.		<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO4.4: Difundir entre a comunidade educativa as entradas realizadas</b>	Equipo directivo	Segunda semana outubro do curso 22-23	Ferramenta de comunicación coas familias.  Equipo informático.  Enlaces da/s entrada/s realizada/s		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

(\*PEC1 As familias poden consultar as novidades e información relevante ao centro na web ou no blog.)

**NOTA:** a pesar que se contempla este ítem como fortaleza, consideramos que é factible unha melloría de aí a súa elección para este obxectivo.



### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

En canto a **infraestrutura dixital**:

- É preciso un sistema de almacenamento en cellado á rede (NAS) para o respaldo da información do noso centro
- Un dos obxectivos dos nosos plans de acción consiste no estudo para mellorar a calidade da rede actual para que toda a comunidade poida traballar no momento que precise.

No centro destacamos a necesidade de facer unha mellora no seguinte **quipo tecnolóxico existente**.

- **Aulas dixitalizadas:** sería preciso instalar dúas PDIs nas aulas que non contan con ela..
- **Uso na biblioteca:** sería preciso a dotación de 4 equipos de sobremesa máis e unha impresora para que o alumnado poidese facer labores de pesquida de información e outras actividades académicas.
- **Equipos para uso na sala de profesorado:** sería preciso a dotación dun equipo novo de sobremesa e unha impresora multifunción.

## 4. Avaliación do plan

No que se refire ao seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación coa consecución dos obxectivos será realizada dende dúas perspectivas:

**Avaliación procesual:** será realizada unha vez ao final da cada un dos trimestres do curso 22-23. Realizarase un revisión do estado das accións, así como a valoración dos resultados acadados nos distintos obxectivos das táboas dos nosos plans de acción. Ademais, realizaranse propostas de modificación de accións de ser preciso. Utilizaranse os apartados correspondentes das citadas táboas para tal efecto.

**Avaliación final:** será realizada unha vez ao ano ao remate do curso académico 22-23. Farase unha revisión da consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora. Utilizaranse os apartados correspondentes de cada unha das táboas do plan de acción para o seu cumprimento.

## 5. Difusión do plan

Enviarase un enlace ás familias co documento para facelas coñecedoras da súa creación. Tamén se enviará a todo o claustro vía correo electrónico e ao Consello Escolar.